



DATOS IDENTIFICATIVOS

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II

Materia	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II			
Código	O04G240V01203			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Pérez Bouzas, María Pilar			
Profesorado	Pérez Bouzas, María Pilar			
Correo-e	pilarperezbouzas@hotmail.com			
Web				
Descrición xeral	Comprensión dos conceptos relacionados coa Administración de Empresas, Planificación, Organización, Xestión e Control e súa aplicación a decisións reais. Natureza, contidos e finalidade do traballo dun directivo.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C5	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos da xestión de empresas turísticas: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
C11	Identificar os procesos operativos en empresas turísticas.
C12	Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal
C13	Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas.
D1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
D3	Creatividade
D4	Iniciativa empresarial

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Obter os coñecementos necesarios que lle capaciten para a Xestión Estratéxica (estratexia, produción e aprovisionamento) e Xestión financeira da Empresa Turística	A1	C1 C5	
Identificar os valores, recursos e capacidades da empresa que permitan a creación de ventaxas sostibles		C1 C5 C10 C11 C12 C13	
Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos	A2	B3 C10 C11 C12 C13	
Utilizar os TICs necesarias para o manexo e obtención de datos relevantes para a toma de decisións	A3	B1	
Manexar adecuadamente as capacidades adquiridas relacionadas co desenvolvemento das súas aptitudes, necesarias para exercer a profesión no sector turístico.	A4 A5	B5 B6 B7 B8	D1 D3 D4

Contidos

Tema

PARTE I: A XESTIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS: ESTRATEXIA, PRODUCCIÓN E APROVISIONAMENTO.	TEMA 1: A XESTIÓN ESTRATÉXICA DA EMPRESA TURÍSTICA. TEMA 2: A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA. TEMA 3: A XESTIÓN DO APROVISIONAMENTO NA EMPRESA TURÍSTICA .
PARTE II: XESTIÓN FINANCEIRA DAS EMPRESAS TURÍSTICAS	TEMA 4: MÉTODOS DE ANÁLISE E SELECCIÓN DE INVESTIMENTOS. APLICACIÓN Á EMPRESA TURÍSTICA. TEMA 5: FONTES FINANCEIRAS NAS EMPRESAS TURÍSTICAS.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	26	15	41
Resolución de problemas	15	15	30
Estudo de casos	3	3	6
Exame de preguntas obxectivas	4	69	73

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Supervisión e atención ao proceso de adquisición das competencias da materia A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorías e na aula) como non presenciais (consultas vía e-mail)
Estudo de casos	Atención personalizada, co fin de resolver dúbidas tanto a través de actividades presenciais (titorías e na aula) como non presenciais (consultas vía e-mail)

Avaliación

Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.	20	A2 A3 A4	B1 B3 B5 B7 B8	C1 C5 C11 C13	D1 D3 D4
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	10	A2 A4	B3 B5	C10 C11 C12 C13	D1 D3 D4
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección única, elección múltiple, emparellamento de elementos...).	70	A2 A3	B3 B5 B8	C1 C5 C11 C13	D1 D3 D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA: A realización das actividades dependerá en gran medida do número de alumnos, medios para traballo en grupo, etc. Estas probas de avaliación continua estarán dirixidas a avaliar as actividades desenvolvidas polas alumnas e alumnos nas sesións presenciais nas que se valorará a correcta realización das tarefas encomendadas, que poden incluír a resolución de cuestionarios, estudos de caso, traballos individuais ou en grupo, realización e exposición oral de traballos dalgúns temas acordado coa profesora. Neste bloque presencial tense en conta a participación e creatividade do alumnado.

- Para seguir a Avaliación Continua é obrigatorio presentarse ós exames parciais da materia, e ter un mínimo de asistencia dun 80% ás clases prácticas. As prácticas que conleven facer presentacións na aula só serán avaliadas se o alumno ou alumna as presenta e defende na aula, a menos que exista unha xustificación da súa ausencia na aula nese día co cal se computaría a práctica entregada igualmente por a plataforma.

- O prazo para mudar de avaliación continua a Global será do 29 de xaneiro a 29 de febreiro, comunicándoo á profesora neste prazo.

- Enténdese que os estudantes que teñan algunha cualificación nalgunha das actividades obxecto de avaliación seguen a avaliación continua e optan, por tanto, por este sistema de avaliación.

- Contéplase a realización de tres exames parciais da materia, o que se anunciaría nas clases e a través da plataforma de teledocencia. No caso de seguir o sistema de avaliación continua e non superar os dous primeiros parciais, os estudantes van con toda a materia ó exame final.

Os exames parciais constan de dúas partes teoría e práctica, e deben aprobarse as dúas partes para eliminar a materia correspondente cunha nota mínima de 5 puntos.

- As notas das actividades de avaliación continua gárdanse ata a 2ª convocatoria oficial de xullo.

- En todos os exames será obrigatorio identificarse de forma oficial (DNI, pasaporte) e esta prohibido o uso de dispositivos móbiles, smartphone ou calquera outro dispositivo electrónico, mesmo cando estean apagado ou en repouso. Incumprir estas dúas condicións invalida a convocatoria para o cal este concorrendo.

- No caso de que un alumno sexa collido copiando nun exame parcial será motivo de perda da avaliación continua e a nota do exame será 0.

- Datas e horarios de probas de avaliación de diferentes chamadas especifícanse no programa de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2023-2024. No caso de conflito ou disparidade entre as datas das probas prevaleceran as sinaladas na web da FCETOU.

AVALIACIÓN NON CONTINUA: Exame final que incluírá contidos teóricos e /ou prácticos mediante preguntas que poden ser tipo test, curtas, de desenvolvemento ou estudos de casos.

Consta duha parte teórica que representa o 50% da nota e unha parte práctica que é o outro 50% da nota, e deben superarse as dúas partes. Esta proba é destinada a avaliar a comprensión dos conceptos adquiridos na materia, asumindo o 100% da nota e avaliar así tanto os conceptos de materia, como a claridade da exposición e o uso gramatical e ortográfico correcto.

- No caso de que un alumno sexa collido copiando no exame final será motivo de suspender esa convocatoria e a nota global do exame será 0.

Para Avaliación continua e non continua:

- As características concretas do exame final, tanto na avaliación continua como na non continua, serán detalladas por parte da coordinadora da materia (na clase e a través da plataforma de teledocencia), con anticipación ó mesmo.

- Os estudantes para aprobar a materia deben obter unha nota igual ou superior a 5 puntos, sendo obrigatorio en tódolos casos superar o exame final ou os tres parciais.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Raquel Arguedas y M^a Teresa Nogueras, **Planificación, Dirección y Gestión Financiera de Empresas**, Editorial Universitaria Ramón Areces,, 2007

Inmaculada Martín Rojo,, **Dirección y Gestión de Empresas del sector Turístico**,, Pirámide,, 2000

Eduardo Parra López; Francisco Calero García,, **Gestión y Dirección de Empresas Turísticas**,, Ed. McGraw Hill,, 2006

Bibliografía Complementaria

Urbano Medina Hernández, **Gestión financiera de Actividades Turísticas**, Pirámide, 2010

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I/O04G240V01102

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do curso e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo